

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 14 de outubro de 2016 pola que se convoca un curso monográfico denominado Novas directivas de contratación. Lei de contratos do sector público. Modificación e a súa aplicación práctica.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2016 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócase un curso monográfico denominado Novas directivas de contratación. Lei de contratos do sector público. Modificación e a súa aplicación práctica, conforme as seguintes bases:

#### 1. Obxectivos.

O obxectivo desta acción formativa é dar a coñecer as principais novidades da Lei de contratos do sector público derivadas da última modificación legislativa e a súa aplicación práctica.

#### 2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

Réxime xurídico da contratación pública. Tipos de contratos.

O contrato administrativo. Órganos de contratación.

Fase de preparación dos contratos.

Criterios de selección do contratista e adxudicación.

Garantía do contratista.

Prerrogativas da Administración.

Finalización do contrato.

Normas específicas dos diferentes tipos contractuais.



### 3. Destinatarios.

Este curso está dirixido aos empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

### 4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Datas: 8, 10, 15 e 17 de novembro de 2016.

Horario: de tarde.

Duración: 12 horas lectivas.

### 5. Número de prazas: 50.

### 6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula/>

O prazo para a inscrición estará aberto desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 23.00 horas do día 3 de novembro de 2016.

Poderá obterse calquera outra información, desde as 8.30 horas ata as 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41 - 981 54 62 39.

### 7. Criterios de admisión.

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

### 8. Publicación da lista de admitidos.

A listaxe de seleccionados publicárase na epígrafe deste curso da páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.gal/>).



#### 9. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.

#### 10. Certificado de asistencia oficial.

Ao final do curso expedirase un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula/>), a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluírá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización do curso, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

